



SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO  
(A CORUÑA).

**TÍTULO:** "SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS EN PIÑEIROS. SAN  
SADURNIÑO (A CORUÑA)".

**CLAVE:** OH.315.858

**PRESUPOSTO:** 198.759,43 €

**ASUNTO:** Solicitud de documentación

En relación á obra pública de referencia a executar no seu municipio, promovida de oficio directamente pola Administración Hidráulica de Galicia e financiada na súa integridade por esta con cargo aos seus orzamentos, dentro do marco do Plan Hidrolóxico de Galicia e os seus instrumentos de ordenación de desenvolvemento e das actuacións previstas na Programación de infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento en pequenos núcleos de poboación para o período 2008-2014, comunícaselle a necesidade, a efectos de poder levar a cabo a execución desta obra pola Administración Hidráulica, de que nos remita a certificación acreditativa do acordo adoptado polo órgano municipal que corresponda no que se faga constar o seguinte:

- A conformidade ao proxecto da obra, remitido polo concello a Augas de Galicia.
- O compromiso ou acreditación da posta a disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.
- O compromiso de entrega das autorizacións e permisos administrativos necesarios para a realización das obras.
- A renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, licenza, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.
- O compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, unha vez recepciónadas pola Administración Hidráulica e entregadas por esta ao concello, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

O que se lle da traslado para que no prazo máis breve posible se remita a documentación municipal requerida co fin de que, toda vez realizados os trámites posteriores oportunos, se proceda pola Administración Hidráulica de Galicia á contratación da obra polo procedemento que corresponda para a súa inmediata execución de acordo co proxecto e baixo o control, dirección e coordinación desta.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2008

O Subdirector Xeral de Programación e Proxectos

Asdo.: Francisco Alonso Fernández